

Manuel Rivas: No confín, a boca da literatura

por
María López Sánchez

Acceda aquí á versión en

[English](#)

Unha iniciativa da

asociación de **escritoras
escritores**  **en lingua galega**

A elaboración do texto e a súa tradución e subida á páxina web da
AELG www.aelg.gal foi posíbel grazas á colaboración de [CEDRO](#).



MANUEL RIVAS (A Coruña, 1957) é unha das grandes voces da literatura actual, un escritor multifacético e enormemente recoñecido no panorama internacional. *Premio Nacional das Letras Españolas 2024*, ao longo da súa traxectoria cultivou a narrativa, a poesía e o ensaio, tanto extenso coma breve, na estela de escritores xornalistas que, como Gabriel García Márquez, conxugaron un enorme talento literario coa implicación e o compromiso coa realidade social do seu tempo. Malia a súa diversidade, a súa obra conforma un macrotexto sólido e coherente, atravesado por un conxunto de temas e preocupacións entre as que destaca a memoria histórica, arredor da cal teceu obras maxistras coma *O lapis do carpinteiro*; ou a preocupación medioambiental, expresada de modo paradigmático arredor da crise ecolóxica ocorrida coa marea negra do Prestige.

O 12 de decembro de 2009 Manuel Rivas ingresou como académico de número da Real Academia Galega cun discurso titulado *A boca da literatura: memoria, ecoloxía, lingua*, no que quedan de manifesto tres dos aspectos esenciais do seu

compromiso como escritor: a memoria, o compromiso social e a lingua. Nese discurso erixíase a imaxe de Noé coma “unha dorna chea de palabras que transporta a memoria, de palabras portadoras de vida”, sintetizando así o que a súa propia creación literaria constitúe xunto a ese océano inmenso que o viu nacer. Porque, asimilada ao faro de Hércules que se ergue xunto á súa cidade natal, a palabra é -na súa concepción- luz que ilumina e funda.

A súa defensa da diversidade lingüística e cultural e, máis especificamente, da cultura galega á que pertence, concrétese no uso do galego como lingua de creación, algo que se sostén no tempo de xeito sólido e consistente, se ben isto non impediu a gran difusión e recoñecemento da súa obra, inmediatamente traducida non só ao castelán, senón a un bo número de linguas estranxeiras. Sirvan de exemplo as 36 linguas ás que se traduciu *O lapis do carpinteiro*, demostrando como desde unha lingua minorizada se pode chegar ao centro do sistema literario mundial. Rivas é, en palabras de Salvador Castro Otero (2019: 97), “o autor galego máis traducido da historia”. Como recoñecemento ligado a esta dimensión da súa figura outorgóuselle, en 2019, o *Premio Internacional Ostana: Scritture in Lingua Madre*, en Piamonte (Italia). A súa ollada desde a marxe e a subalternidade vese ratificada polo seu compromiso coa igualdade de xénero, que atravesa o conxunto da súa produción, a pesar de que en ningún

momento o ideolóxico afogue a altura e calidade literaria que é, sen dúbida, o que máis o define e caracteriza. Porque, desde a periferia europea, desde a cidade da Coruña que el converteu en capital literaria (Axeitos 2009: 37) -recuperando pola memoria o espírito ilustrado da Coruña da preguerra-, Manuel Rivas Barrós é un autor universal, que atopou unha voz propia coa que unirse ás grandes obras que interpretaron e marcaron o tránsito do século XX a un aínda máis complexo século XXI.

O comezo dunha traxectoria: o maior milagre do mundo

A súa irrupción no panorama literario produciuse a través do xénero poético, con *O libro do Entroido* (1980), ao que seguiron *Balada nas praias do Oeste* (1985), e, ao ano seguinte, *Mohicania* (1986). Rivas definiu a poesía no seu discurso de ingreso na RAG coma “o maior milagre do mundo”, facendo seu o verso-manifesto de Luis Pimentel. A súa produción poética ata o ano 2003 foi recollida no volume *Do coñecido ao descoñecido. Obra poética* (1980-2003), publicado en 2003. En 2009 publicou *A desaparición da neve, la desaparición de la neu, Elurrarena urtzea, La desaparición de la nieve*, na que conflúen as catro linguas do estado. Recibiu premios coma o Leliadoura (por *Ningún cisne*, 1989) ou o

premio Casa dos Poetas, da Fundación Curros Enríquez, en 2014. Recentemente, a obra *O que fica fóra* (2022) foi Premio de Creación Literaria de Galicia.

Pero o lirismo, en Rivas, soborda a propia poesía: é unha tonalidade, unha clave, un xeito de ollar que impregna o conxunto da súa produción. Beleza, tenrura, humanidade e lirismo son termos recorrentes nas recensións e análises críticas da súa obra. Así, na recensión de *Os libros arden mal* do *Publishers Weekly*, califícase a novela de “refutación lírica do totalitarismo e a crueldade” (‘an epic and resoundingly lyrical refutation of totalitarianism and cruelty’) e no *Financial Times* descríbese como obra de inusual beleza (‘a work of unusual beauty’), idea na que abunda Gap Travel (‘This is an epically long but beautifully written book’). Arturo Pérez-Reverte calificou *O lapis do carpinteiro* de novela fermosa, ategada de tenrura e humanidade. Como afirmou Xosé Luís Axeitos (2009: 39) na resposta ao seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, “unha especie de alento lírico invade todos os relatos e novelas do autor”, nas que se percibe unhas “atmosfera lírica e sentimental tan caracterizadora” (41), ata o punto de que nel atopa “parágrafos coma poemas” (41).

Un grande narrador universal

A dimensión acadada pola súa obra narrativa eclipsou, malia todo, os seus innegables méritos como poeta. En 1989 publicou o libro de relatos *Un millón de vacas*, ao que seguiron, afondando no mesmo xénero, *Que me queres, amor?* (1995), *Ela, maldita alma* (1999) ou *As chamadas perdidas* (2002). A súa enorme talla como escritor de contos breves entronca cun trazo esencial da literatura galega: a enorme relevancia e calidade deste subxénero, na liña de autores como Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Rafael Dieste.

No xénero narrativo recibiu infinidade de premios: Premio da Crítica Española en 1989 por *Un millón de vacas* (obra que foi, así mesmo, finalista no Premio Nacional de Narrativa), en 1998 por *O lapis do carpinteiro* e en 2006 por *Os libros arden mal*; o Premio Nacional de Narrativa por *Que me queres, amor?* (1995) e o Premio da Crítica de Galicia por *Os libros arden mal* e *En salvaxe compañía* (1993). En 2024 foi recoñecido co Premio Nacional das Letras Españolas, premio que distingue toda unha traxectoria.

Fronte a unha enumeración de premios, traducións e recoñecementos que sería necesariamente prolixa e abrumadora, exemplificaremos o volume de recoñecementos recibidos a partir da atención específica a unha das súas obras: *Os libros arden mal*. Esta magna novela, publicada en

2006, recibiu os Premios Antón Losada Diéguez, o Premio da Crítica de Galicia na modalidade de creación literaria, o da Crítica Española, o Premio Cálamo, o VII Premio Libro do Ano, así como o da Asociación Galega de Editores ao mellor autor e obra, o XVI Premio Irmandade do libro e o da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Foi traducida a castelán, catalán, francés, inglés e italiano, a pesar dunha complexidade e extensión que constitúen auténticos desafíos para a tradución. Da cálida e entusiasta recepción da obra de Rivas no estranxeiro dan testemuña as numerosas referencias e recensións en prensa, das que sería imposible dar conta exhaustiva, sirva de exemplo o seguinte extracto da recensión publicada en *The Independent* sobre a novela *Os libros arden mal*:

This is an exceptional book by an exceptional writer. Even among the near-industrial quantity of books now published on the Spanish Civil War, it is unusual. And within Manuel Rivas's own measured and exquisite output, not only does it attain the stature of a magnum opus, being roughly the combined length of his four preceding novels (all ably translated from Galician by Jonathan Dunne). It combines the folkloric lyricism of his *In the Wilderness* with the theme of the civil war already

pursued by his first novel, *The Carpenter's Pencil* (...). The book has an oneirically timeless quality that collapses past into present, and towards its end steers the reader back to England in 1968. The Odyssean journey is accomplished as the most "anthropomorphic" of artefacts returns. For books, like humans, can sometimes "survive the flames, the dampness of the dungeons, the robbers in the Palace of Justice". This tour de force comes full circle in a unique literary enterprise¹.

Máis alá do que revelan os premios, a obra narrativa de Rivas caracterízase pola forza emocional e a brillantez formal, especialmente pola súa capacidade para crear grandes metáforas explicativas. Na recensión de *Todo é silencio*, Manuel Ángel Candelas Colodrón (2011) condensou unha serie de trazos da produción de Rivas: a presenza simbólica e poderosa dos mapas; a importancia da escola e da figura do mestre ilustrado de xinea republicana; as metáforas que toman a imaxe do mundo da botánica e a zooloxía; as patoloxías parapsiquiátricas como punto de partida do fluxo de conciencia; os equívocos e a riqueza lingüística dunha prosa sonora e rítmica que traza círculos e recorrencias; os

1 Recensión a cargo de Amanda Hopkinson, profesora de tradución literaria na Universidade de East Anglia.

contrapuntos do humorístico e o trascendente, do épico e o lírico.

Dos contrastes, da antítese e do oxímoro fai Rivas unha defensa explícita na súa autopoética, entendendo que na tensión que conteñen hai algo que vai máis alá do estético que permite atribuírlles unha maior xeración de verdade:

Os surrealistas sabían o que dicían cando amosaban a súa preferencia polas asociacións dos antónimos máis extremos ou os termos e imaxes máis contraditorios e afastados. Non soamente se produce un efecto estético de choque, senón que tamén produce máis verdade (Rivas 2009: 28-29).

Esa forza dos contrastes na súa obra foi salientada no *Irish Times*: "A novelistic tour-de-force ... hauntingly poetic use of language and light touch ... Rivas never loses faith in the human ability to overcome the bleakest of situations." O propio John Berger afirmou del, a propósito de *O lapis do carpinteiro*, a confluencia da lucidez cunha sorte de inxenuidade que pervive: "An important storyteller ... He is sensitive and has an incredible ear, which, in his fiction, is allied to great ingenuity." É, por todo iso, un dos grandes narradores entre os

dous séculos, cun universo narrativo sólido e coherente e unha voz singular e chea de forza. Esa forza simbólica fixo que Dolores Vilavedra (1994) falase dunha “aureola lendaria” a propósito de *En salvaxe compañía*, texto do que afirma que agocha “toda unha alternativa axiolóxica e etnolóxica de identificación colectiva”.

Autoficción e revelación do eu desde a confluencia interartística

O propio Rivas permítenos unha achega á súa dimensión máis persoal a través da escrita autobiográfica e autoficcional, tamén nesta dimensión transitando entre xéneros e formas de escrita. No discurso de ingreso na Real Academia Galega en 2009 remóntase ao espazo da orixe de todo: “O lugar do faro era o espazo dos xogos da infancia” (2009: 13). Nado no confín de Europa, nas marxes oceánicas do vello mundo, o mar como presenza e Galicia coma espazo de pertenza conforman a esencia mesma deste autor fiel a si mesmo e ás súas orixes. Ese mar coñeceu a marcha de moitos dos do seu pobo e Rivas trae ao recordo unha lembranza escolar na que un compañeiro de infancia, á pregunta do mestre sobre que querían ser de maiores respondeu, tras unha pausa colectiva: “emigrantes!”. Evoca a infancia vivida en Monte Alto, fronte ao

faro, nun baixo da rúa Marola, coa súa irmá María, a importancia das escaleiras -de varias escaleiras, tamén as do propio faro- e afirma a relevancia daquelas primeiras casas, tamén as dos avós por parte de nai e pai. Na casa de Corpo Santo atopa unha “verdadeira escola do relato”, na que escoitar se transformaba no “traballo máis fermoso do mundo”. Naquela casa na que se contaba todo tipo de contos -tradicionais, mais tamén de acción, de lobishomes, historias de maquis e viaxes arredor do mundo-, cando os nenos debían subir a durmir sentaban no último chanzo e as historias chegaban a través da escaleira, conectada dalgún xeito enigmático á escaleira do faro romano máis antigo conservado que marcou coa presenza da súa luz a infancia do autor. Mais o paraíso da infancia é, nos seus propios termos, un “paraíso inquieto” -máis adiante dirá “inquietante”-, un lugar fermoso ateigado de elementos de desacougo -o cemiterio de San Amaro, o cárcere- que fixeron del unha metáfora do mundo: o lugar que modulou a ollada e a voz do autor. Na voz agochada e silenciada dese lugar está, tal vez, a raíz da súa literatura, ou unha das manifestacións da boca da literatura:

Foi o lugar do crime. Do maior crime da historia da cidade e posibelmente da historia de Galicia. A estirpe do libro, a estirpe da luz, a estirpe da dorna dos libros,

a Coruña solidaria, a Coruña dos ateneos, as bibliotecas e as escolas racionalistas, a Coruña das Irmandades da Fala e do Despertar Marítimo, das casas-xardín do socialista Maceda, das casas-barco de Caridad Mateo, en fin, esa Coruña ilustrada, urdida como “realidade intelixente” foi violada e fanada polo fascismo triunfante.

Así, a función do relato é ser memoria fértil das “feridas dos corpos, da terra e das palabras”. Emerxe a noción de “lugares da dor”, que une a Rivas co espazo evocado por Samuel Beckett en *Esperando a Godot*, que dota de universalidade á súa propia obra, xurdida nun deses espazos, e Rivas converteuse no escritor que captou os murmurios, as voces silenciadas, para facer delas literatura. A literatura, para Rivas, acode ao rescate alí “onde non se pode mirar, non se pode ler, non se pode dicir” (2009: 20), e non é dogmática, senón interrogativa.

Do conxunto de artigos xornalísticos *Storyboard*, publicados ao longo de 2010, nos que recolle impresións persoais do que el mesmo definiu como “presente recordado”, pasou ao ámbito da autoficción na obra *As voces baixas* (2012). O propio título apunta a esa polifonía de voces que se agochan e conviven nunha memoria que é persoal pero que acada unha significación colectiva e da que Assunta Polizzi dixo que nela o

individual e o colectivo conviven en continua reverberación. Nesa confluencia de voces e discursos para a reconstrución da memoria persoal faise presente a arte, nunha dimensión fortemente interartística, na que fotografía, pintura e cinema interseccionan coa literatura e a vida nunha semiótica preñada de significado. Así, para a reconstrución do paraíso duro da súa infancia, no que os cabalos comían espiñas e que tiña nome de batalla, o Castro de Elviña, conflúen a poética de Gaston Bachelard e a pintura de Chagall.

Xornalismo e ensaio ou a forza do pensamento

Se do seu universo literario se desprende unha visión potente na que agroma con forza o seu pensamento, este encontra o cauce de expresión máis directo na súa actividade xornalística e ensaística, na que só pode ser calificado de maxistral. Comezou a traballar aos 15 anos como “meritorio” no xornal *El ideal Gallego*, con sede en A Coruña. Unha selección das súas reportaxes xornalísticas, concibidas como relatos, publicouse co título *El periodismo es un cuento* (1997 e 2015). A súa ollada certa e global, atenta sempre ás marxes, plasmouse na coautoría do libro *Haití*, escrito en colaboración con Georgina Higuera e Gustavo Martín Garzo, tras unha estada nas Antillas en 1998. Tamén plasmou unha visión da India en

2013: *Rumbo a las estrellas, con dificultades*. No xénero do ensaio levou a cabo agudas análises da realidade social e política da sociedade galega, atendendo a procesos históricos como o estatutario. A súa brillantez no xénero do artigo de opinión e o ensaio breve mereceu premios e xerou un importante número de volumes recopilatorios, coma *Toxos e flores, Galicia, Galicia* ou *Galicia, bonsai atlántico*.

Adaptacións cinematográficas e relacións co mundo do cinema

O impacto da súa obra déixase sentir nas numerosas adaptacións cinematográficas das súas novelas e relatos. Sirvan de exemplo as adaptacións de *A lingua das bolboretas*, *O lapis do carpinteiro* ou *Todo é silencio*.

No seu achegamento ao mundo do cinema, foi guionista dos documentais *Galicia, arpa de niebla* e *E punto final*, levou a cabo a adaptación da súa novela *Todo é silencio*, escribindo o guion para a película e dirixiu a cortometraxe *Mayday, Mayday*, sobre a marea negra do Prestige, acontecida en 2002. Creou os argumentos de *Rosa de pedra* e da serie *Vivir sin permiso*. Esta dimensión audiovisual da súa figura foi obxecto de estudo académico na tese de doutoramento *Manuel Rivas e o cine*, da autoría de Salvador Castro Otero baixo a dirección de

Carmen Becerra, defendida na Universidade de Vigo en 2015. O estudoso sinalou a forza do cinema dentro da literatura de Rivas, contabilizando mencións a máis de 150 películas na súa obra e sinalando que o cine é, na obra de Rivas, metáfora da beleza do mundo, da intensidade da vida. E o propio Salvador Castro Otero recorre a unha metáfora de voo, tan do gusto do propio Rivas, para expresar como o autor “sobrevoa as fronteiras dos xéneros con total liberdade”.

Deste xeito, nunha manifestación máis da dimensión interartística da súa produción e da súa ollada, o lector implícito da obra de Manuel Rivas está marcado pola cultura cinematográfica que nos séculos XX e XXI conformou o imaxinario global e deu unha nova forma de plasmación a ese universal antropolóxico que é a narración de historias. Todo isto fai del “un autor ideal para estudar a relación entre cinema e literatura” (Castro Otero 2019: 98). A súa propia técnica narrativa está marcada por esa atracción cara ao mundo do cinema, desde a propia fasquía secuencial da construción de moitos dos seus textos a enfoques que evocan a visualidade cinematográfica ou aos efectos sonoros que, a xeito de banda sonora, crean un estado emocional, coma os ratos no faiado en *Os comedores de patacas*, que dan expresión á angustia do síndrome de abstinencia do protagonista. Achégase, nesta dimensión interartística, a outros autores clave da literatura

universal coma Kazuo Ishiguro, premio Nobel de literatura en 2017.

Memoria, espazo, ecoloxía

A intersección entre memoria, historia e esquecemento e a súa plasmación nos espazos na obra de Manuel Rivas foi obxecto de estudo por parte de Neil D. Anderson (2015), a través da análise da escola de indianos de *Todo é silencio*. Nun momento marcado polo que se deu en designar como “xiro espacial”, que marcou nas últimas décadas desde o pensamento filosófico e a epistemoloxía ata a narratoloxía e a creación artística, cómpre sinalar a enorme densidade semiótica dos espazos na obra do autor de Monte Alto. A escola de indianos nesta novela representaría un deses espazos nos que a memoria non está enteiramente curada, pero tampouco plenamente viva, e que por iso mesmo semellan espectrais; lugares nos que se abren a cuestionamento a memoria e o coñecemento locais. En relación a tales espazos, preeminentes na historia de Galicia, a ficción literaria xoga un papel de desvelamento, interpretación e significación. Deste xeito, a escola en ruínas conforma “unha estética da perda colectiva” (Anderson 2015: 15). Como expresou Rivas no seu discurso de ingreso na Real

Academia Galega, o poder case mítico da literatura pode redimir fronte ao silencio hexemónico, coas palabras agromando a través de fendas escuras: “As verbas son sobreviventes que agroman malferidas, reticentes e resentidas polas fendas das ruínas” (Rivas 2009: 19).

Na escola de indianos o chan é un mapa mundi, como plasmación da querencia cartográfica na obra de Rivas, reveladora explícita da carga semiótica dos espazos. Na literatura galega, a descrición do mapa de Fontán na obra *Arredor de si* de Otero Pedrayo marcou un fito e configurou este mapa como un emblema cultural. Esta centralidade da cartografía sen dúbida se relaciona coa problemática profunda da identidade das nacións sen estado. En *Todo é silencio*, o mapa no chan da escola é expresivo dos soños ilustrados dunha empresa colectiva que se viu, coma tantas cousas, fanada pola Guerra Civil. A natureza medra, o burato no teito agrándase, e os personaxes de Fins e Leda expresan, opositivamente, a memoria e o esquecemento, que marcaron a Galicia e a España franquista. Co seu dobre poder de destrución e renovación, o lume consome a escola no fin da narración, trasladando o peso do lugar ao suxeito que lembra.

En liña con esta centralidade do espazo na súa produción, o compromiso ecolóxico en Rivas fusiúnase coa súa propia concepción da literatura e a linguaxe. A súa plasmación da natureza vai alén da creación de atmosferas ou dunha

dimensión meramente representacional ou ornamental. A palabra, feita literatura, convértese en voz da natureza, permite escoitar as voces baixas dun mundo ferido; pola literatura opera simultaneamente un restañamento da propia natureza e da linguaxe. “De falar, falarei coa terra”, di un dos versos do autor. E a esta idea, en toda a súa profundidade, consagrou a súa intervención como convidado a pronunciar a *Conferencia Spinoza* na Universidade de Amsterdam en 2022, que levou por título “A ecoloxía das palabras no manuscrito da terra”. Deste xeito, o compromiso coa terra e a súa preservación forma un todo coherente co posicionamento ecolingüístico, porque preservarmos as palabras tamén é un xeito de defendermos a natureza.

Aplauso crítico e adhesión popular: un autor consagrado no cume da súa produción

Pode afirmarse que Manuel Rivas é un deses poucos autores que concitan simultaneamente o aplauso crítico e a adhesión popular. É esta unha dicotomía que marca a cultura actual, na que os trazos da creación posmoderna, máis intelectual e conceptual, a miúdo se afastan das producións de consumo que acadan divulgación masiva. A confluencia na creación de

Rivas da alta calidade artística coa vibración humana e emocional operan, con todo, ese dobre aplauso.

El mesmo apostou por unha “fértil endogamia entre a cultura popular e a cultura académica”, inserindo na polifonía da súa obra lendas, contos orais, letras de cancións, letras de tangos e alternando as “máis requintadas metáforas (...) coas expresións e ditos máis populares” (Axeitos 2009: 44). Nesta procura desa aparente contradición, reveladora tamén, como sinalou Rivas, de maior verdade, resólvese a dicotomía que Umberto Eco formulou nos termos opositivos de apocalípticos e integrados. Rivas insire o popular, a xente humilde do pobo, como parte esencial do seu compromiso social e do espazo xeográfico e cultural no que se afínca a súa produción, e con eles elementos propios desa cultura popular, pero ao facer con eses materiais unha obra de alta calidade, ergue a propia cultura popular e de masas ao nivel da alta cultura, merecente do aplauso crítico e do maior dos recoñecementos.

Ao mesmo tempo, cómpre para definir a obra de Rivas no momento actual, conxugar a dicotomía do autor consagrado que se atopa nun momento culminante e produtivo da súa creación. En 2024 non só viu refrendada a súa traxectoria literaria co *Premio Nacional das Letras Españolas*, senón que tamén publicou un novo libro, *Tras do ceo*, do que a crítica literaria Dolores Vilavedra salientou o entroncamento cun “proxecto literario propio e singularísimo”, ao tempo que a súa

novidade de aposta estética e no que o lugar, que “se resiste á identificación referencial, é epítome de moitas das Galiciaas reais e posibles” e a marxinalidade desprázase ao centro porque os seres non produtivos resultan ser os máis funcionais. Intensidade emocional conxugada con ironía e enxeño, a destrución do rural e imaxes recoñecibles no macrotexto do autor (mesmo o esqueleto dunha vella escola) conforman, en palabras da autora, o “resultado brillante e maduro da evolución natural dun autor inqueda”.

A universalidade dun autor das marxes

O impacto internacional de Manuel Rivas é enorme, malia ter escrito sempre, de xeito constante e sistemático, como primeira lingua de creación, nun idioma minorizado do contexto europeo como é o galego. A súa figura foi obxecto de xornadas no *Centre de Recherches Interdisciplinaires sur les Mondes Ibériques Contemporains* en 2010. Oana Mihalcea (2013) abordou a súa recepción en Rumanía a través da tradución de *O lapis do carpinteiro* ao romanés, poñendo o foco no aspecto que fai significativa a novela de Rivas a un contexto europeo tan distante, pero que comparte o silencio e o trauma histórico como espazo desde o que achegarse á novela do autor galego: “Cargada de transparencia e lucidez, a

obra de Rivas expón con claridade todo aquilo que se esconde detrás da cortina dunha guerra civil e dun sistema totalitario”.

A escrita da memoria histórica da Guerra Civil española tardou máis en agromar que a tecida arredor da Segunda Guerra Mundial, sen dúbida pola diferenza no resultado de ambos conflitos: fronte á derrota de Hitler en 1945, que permitiu levar a cabo unha fractura ideolóxica co nazismo, o réxime ditatorial imposto en España tras a contenda civil durante 40 anos impuxo unha lousa de silencio, un medo á enfrontarse ao peso esmagante do que outro autor galego, Celso Emilio Ferreiro, definiu como a “longa noite de pedra”. Rivas é, desde unha das linguas e culturas periféricas do estado e de Europa, que sufriron en grao extremo a represión da súa propia identidade, unha das voces que racharon co silencio imposto para pór palabras ao acontecido. A pegada da Guerra Civil española percorre transversalmente a súa produción. O Premio Nobel de literatura Günter Grass declarou ter aprendido máis sobre este conflito lendo *O lapis do carpinteiro* de Rivas ca nos libros de historia.

As recensións e referencias ao autor aparecidas en medios internacionais son incontables. Nelas convive a comparación e procura de conexións con grandes figuras da literatura universal como a afirmación da súa grandeza e singularidade, non asimilable a ningunha outra figura:

"It's time for reviewers and sundry pundits to quit the flattering comparisons with Lorca, Joyce and Garcia Marquez. Manuel Rivas reads like no-one else on the planet . . . one of those novels to lavish on friends. . . . Manuel Rivas' sweeping novel, translated into English for the first time, is an undoubted classic." — The Scotsman

"As vivid as Orhan Pamuk, as learned as Alvaro Mutis, Rivas writes magnificently, and Dunne's translation will take one's breath away on nearly every page."— Booklist

`Manuel Rivas reads like no-one else on the planet... Rivas' sweeping novel... is an undoubted classic.' -- The Scotsman

"This is an exceptional book by an exceptional writer." --The Independent

Manuel Rivas: un premio Nobel para a Europa non hexemónica

Deste xeito, a magnitude literaria e intelectual de Manuel Rivas fan del un candidato sólido ao Premio Nobel de Literatura. O compromiso de Europa coa súa diversidade lingüística e cultural, expresada na *Carta Europea das Linguas Rexionais* e

Minoritarias, implica un recoñecemento ás realidades periféricas e ás linguas sen estado no contexto europeo. O Premio Nobel de Literatura superou hai anos o eurocentrismo e ampliou a ollada ás literaturas mundiais tradicionalmente excluídas do canon. Pero o canon occidental tamén excluía realidades internas, culturas e linguas periféricas que deben recoñecerse na polifonía dun mundo global e diverso que rache coas xerarquías tradicionais. Manuel Rivas escolleu escribir nunha lingua que “leva séculos empurrada á liña fronteiriza entre a vida e a morte” (Rivas 2009: 32), mais a súa voz xermolou a través da tradución e a súa obra atopou eco e significación en lugares e culturas afastados.

A magnitude literaria e intelectual de Manuel Rivas fixeron del o primeiro autor galego gañador do *Premio Nacional das Letras Españolas*; pero sen dúbida é un candidato ao Nobel no que conflúen de xeito dificilmente igualable a calidade literaria e a significatividade dun autor de primeira liña no que se visibilizan as linguas sen estado, recoñecendo unha tradición literaria como a galega como parte integrante do patrimonio cultural mundial.

En 2009, Manuel Rivas constataba: “a boca da literatura galega, antes e despois, ábrese na vangarda e no universal”. A súa obra, por calidade, forza e compromiso, ben merece ser a que poña a literatura galega, que bebe dunha tradición lírica medieval sobresaliente e da figura inmensa de Rosalía de

Castro, no panorama universal que o Premio Nobel de literatura referendaría de xeito definitivo.

Manuel Rivas: At the Atlantic Fringe, the Mouth of Literature

by
María López Sánchez

Galego

An initiative by



The text was commissioned, written, translated and uploaded to the AELG site www.aelg.gal thanks to the collaboration with [CEDRO](http://cedro.org).



MANUEL RIVAS (A Coruña, 1957) is one of the great voices in contemporary literature, a multifaceted writer widely acclaimed on the international stage. Winner of the 2024 *National Prize for Spanish Literature*, throughout his career he has explored narrative, poetry, and essay writing, both in extensive and brief forms, following in the footsteps of journalist-writers like Gabriel García Márquez, who combined extraordinary literary talent with deep engagement and commitment to the social realities of their time. Despite its diversity, his work forms a solid and coherent macrotext, interwoven with a set of themes and concerns, notably historical memory, around which he crafted masterpieces such as *The Carpenter's Pencil*; or environmental concerns, paradigmatically expressed in the context of the ecological crisis caused by the Prestige oil spill in 2002.

On December 12, 2009, Manuel Rivas was inducted as a full member of the Royal Galician Academy with a speech titled *The Mouth of Literature: Memory, Ecology, Language*, in which he highlighted three essential aspects of his commitment as a

writer: memory, social engagement, and language. In the speech, he evoked the image of Noah as 'a boat filled with words carrying memory, words as bearers of life', thus encapsulating what his own literary creation represents within the vast ocean that witnessed his birth. For, akin to the Tower of Hercules that stands beside his hometown, the word is – in his conception – a light that illuminates and founds.

His defense of linguistic and cultural diversity, and more specifically of the Galician culture to which he belongs, is evident in his use of Galician as the language of his creative work. This commitment has been maintained solidly and consistently over time, without hindering the widespread dissemination and recognition of his work, which is immediately translated not only into Spanish but also into numerous foreign languages. For instance, *The Carpenter's Pencil* has been translated into 36 languages, demonstrating how a minoritized language can reach the heart of the global literary system. Rivas is, in the words of Salvador Castro Otero (2019: 97), 'the most translated Galician author in history'. As a recognition of this aspect of his career, he was awarded the *International Ostana Prize: Writings in Mother Language*, in Piedmont (Italy) in 2019.

